



UNIVERSIDADE DE  
SANTIAGO DE COMPOSTELA





As normas de xestión académica aprobadas polo acordo da Xunta de Goberno do 3 de xuño de 1996 modificadas, entre outros, polo acordo de 13 de xuño de 1997, recollen na norma 17.1.: "*Poderase conceder unha matrícula de honra entre aqueles alumnos que acaden a cualificación de sobresaliente, por cada vinte alumnos matriculados ou fracción de vinte*". Co fin de clarear as cuestións suscitadas na aplicación da dita norma e segundo o disposto na norma 118 do dito acordo, cumpre dicta la seguinte

### RESOLUCIÓN:

ÚNICO.- Ós efectos do outorgamento de matrículas de honra só deberán computarse os alumnos matriculados para cursar estudos conducentes a titulacións oficiais da Universidade de Santiago de Compostela.

En consecuencia non deberán ser computados os alumnos matriculados polo réxime de matrícula extraordinaria nin os alumnos matriculados para cursar estudos en virtude de convenios internacionais de cooperación ou intercambio.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 1998  
O VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADÉMICA E  
TITULACIÓNS.

Celso Rodríguez Fernández

Sr. Secretario Xeral; Srs. Decanos e Directores dos Centros da Universidade; Sr. Vicexerente do Campus de Lugo; Sra. Xefa do Servicio de Alumado; Srs./a Xefes/a das Unidades de Xestión Académica